



EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TUI E A ENTIDADE<sup>30</sup> "CLUB DEPORTIVO RIBADELOURO"**

Tui, a 27 OCT. 2016

Reunidos,

Dunha parte Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente do Concello de Tui.

Doutra parte JOSE MANUEL TEIXEIRA FERNANDEZ, con DNI 35558658Z, en nome e representación da "CLUB DEPORTIVO RIBADELOURO", entidade sen ánimo de lucro, con número de CIF G36286029, e domicilio aos efectos de notificacións en Lg. Mourentán s/n - RIBADELOURO 36710 TUI.

Ámbolos dous recoñécense con capacidade suficiente para convir e subscribir o presente convenio:

**CONSIDERAN**

1.- Que as Administracións poden celebrar convenios de colaboración ó amparo do disposto no artigos 28.1 da Lei 37/2013, do 17.11, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13.06 de subvencións de Galicia.

2.- Que en virtude do establecido no orzamento do Concello para o ano 2016 prevese unha achega a esta entidade dunha subvención de carácter nominativo polo importe de 4.000,00€, na partida 341.48933.01.

3.- Que de acordo co establecido na Lei xeral de Subvencións, é preciso a realización do oportuno convenio entre a entidade beneficiaria e o Concello de Tui, no que se regulen o réxime xurídico aplicable, sen prexuízo do establecido na devandita Lei.

4.- Que acordouse aportar como subvención nominativa polo Concello de Tui a cantidade de 4.000,00€ no ano 2016, para axudar a sufragar os custes do PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE FUTBOL COAS CATEGORIAS DE ALEVIN, INFANTIL, CADETE E XUVENIL, anualidade 2016.

E por todo o anterior subscriben o presente Convenio coas seguintes:

**CLAUSULAS**

**1º OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

I.- É obxecto do presente convenio a colaboración do Concello de Tui coa entidade CLUB DEPORTIVO RIBADELOURO co fin de cubrir parte dos gastos de PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE FUTBOL COAS CATEGORIAS DE ALEVIN, INFANTIL, CADETE E XUVENIL, anualidade 2016.

II.- A CLUB DEPORTIVO RIBADELOURO é unha entidade deportiva sen ánimo de lucro con finalidade de fomento do deporte en xeral.

III.- Tanto o Concello como a Asociación teñen fins comúns e, polo tanto, é preciso unha colaboración estreita que permita acadar a promoción do deporte e da ocupación do tempo libre no Concello de Tui.

IV.- O Concello de Tui comprométese ante a entidade CLUB DEPORTIVO RIBADELOURO a subvencionar unha cantidade máxima de 4.000,00€ para axudar a sufragar os custes que ocasiona o PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE FUTBOL COAS CATEGORIAS DE ALEVIN, INFANTIL, CADETE E XUVENIL, anualidade 2016, tendo dita asociación que presentar a axeitada xustificación en cumprimento do establecido na Lei xeral de subvencións, Lei de subvencións de Galicia, Regulamento de Fomento e Bases Xerais Tipo do Concello de Tui.

A actividade obxecto da subvención, de acordo co establecido pola Lei Xeral de Subvencións pode estar xa realizada ou pendente de realizar pero sempre se levará a cabo dentro do exercicio 2016, a cal é obxecto de subvención.

V.- No momento da firma do presente Convenio xúntanse os documentos seguintes:

- Impreso de solicitude de subvención cuberto.
- Memoria das actividades desenvolvidas ou a desenvolver.
- Previsión de orzamento de ingresos e gastos referidos a actividade subvencionada.
- Declaración responsable de non estar en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percepción de subvencións ou axudas públicas e non concorren as causa do artigo 13 da LXS, así como, de non ter pendente de xustificar subvención ningunha.
- Declaración doutras axudas ou subvencións para a mesma actividade solicitadas ou concedidas por calquera outra Administración ou ente público ou privado.
- Certificados dos Organismos competentes que acreditan estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Facenda autonómica e fronte a Seguridade Social.
- C.I.F da entidade e NIF do Presidente, solicitante da subvención nominativa.
- Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación por entidade beneficiada, no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente

VI.- Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos e recursos para a mesma finalidade, sempre e cando non financien no seu global máis que o gasto realizado.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Tui a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no intre en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, do 21.06, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

## **2ª GASTOS SUBVENCIONABLES**

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido, e en todo caso os seguintes:

Gastos de licencias, material deportivo, arbitaxes de PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE FUTBOL COAS CATEGORIAS DE ALEVIN, INFANTIL, CADETE E XUVENIL, anualidade 2016.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) os xuros debedores das contas bancarias
- b) xuros, recargas e sancións administrativas e penais
- c) os gastos de procedementos xudiciais
- d) os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) impostos persoais sobre a renda

## **3ª FORMA DE PAGAMENTO**

O beneficiario percibirá o importe da subvención concedida unha vez realizada a actividade subvencionada e xustificada documentalmente ante o Concello, nos termos previstos no Regulamento municipal regulador da actividade de fomento e Bases xerais tipo do Concello de Tui.

Os pagos tramitaranse previa certificación do persoal técnico de deportes, na que especifique que procede por cumprirse as cláusulas do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.

## **4ª XUSTIFICACIÓN E DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS GASTOS**

I.- A xustificación da subvención deberá de facerse conforme establece a Lei Xeral de Subvencións e o Regulamento da mesma, debendo presentar conta xustificativa coa seguinte documentación mínima:

- Memoria de actuación.
- Memoria económica.
- Conta xustificativa, relación pormenorizada de gastos do programa ou actividade.
- Facturas regulamentarias orixinais polo importe da subvención concedida. (Con tódolos requisitos esixidos polo R.D. 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación).

- Xustificantes de pagamento das mesmas, mediante adeudo bancario ou acreditación inequívoca do pagamento das facturas segundo o establecido nas Bases xerais tipo do Concello de Tui (Conter o selo de "pagado" co asinado e NIF do perceptor).
- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a que se outorgou a subvención.
- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria, das subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións e para a mesma finalidade, referida neste caso a data de xustificación.
- De non estar vixentes os certificados presentados coa solicitude, Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social, actualizados.
- Exemplar da documentación gráfica da actividade onde conste que a patrocina ou colabora o Concello de Tui

O prazo de xustificación iníciarase o día seguinte á data de notificación da resolución da subvención. A duración do mesmo será de **dez días hábiles**.

II.- A entidade **CLUB DEPORTIVO RIBADELOURO**, obrígase a realiza-las xestións oportunas para levar a termo ditas actividades, comprometéndose a destinar o importe da cantidade recibida do Concello de Tui ao fin indicado.

Si o custe total da actividade subvencionada resultara ser menor que o contemplado para a concesión da subvención, ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos

#### 5ª OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade **CLUB DEPORTIVO RIBADELOURO** queda obrigada a cumprir como mínimo as seguintes obrigacións:

**Primeiro.-** Levar a cabo unha correcta execución do PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE FUTBOL COAS CATEGORIAS DE ALEVIN, INFANTIL, CADETE E XUVENIL, anualidade 2016, para o que ten plena capacidade de obrar e goza de total autonomía. O programa organizase baixo a súa única e exclusiva responsabilidade, tanto fronte ao Concello como fronte a terceiros.

**Segundo.-** Asumir tódolos gastos derivados da organización e desenvolvemento.

**Terceiro.-** Facer constar nas publicacións e material do programa, en lugar destacado, o logotipo do Concello de Tui e a súa colaboración.

**Cuarto.-** Xustifica-la execución das actuacións e a realización dos gastos conforme a este convenio e á normativa aplicable.

**Quinto.-** Someterse ás actuacións de comprobación e control que se establecen na Lei Xeral de Subvencións.

**Sexto.-** Comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividades subvencionadas.

**Sétimo.-** Estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Comprobarase de oficio que a **CLUB DEPORTIVO RIBADELOURO** está ao corrente coa Facenda Municipal.

#### 6º VIXENCIA DESTE CONVENIO

O presente Convenio de colaboración terá vixencia durante a presente anualidade 2016

#### 7ª CONTROL

Para un mellor control do Concello, a **CLUB DEPORTIVO RIBADELOURO**, estará obrigada a facilitar toda a información, no suposto de que lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003.

## 8ª REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poda facer o órgano municipal competente.

As causas de reintegro serán as reguladas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións e as cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto na Lei Xeral Orzamentaria.

## 9ª RESOLUCIÓN

I.- Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia de calquera das partes
- O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

II.- Dada a natureza xurídico - pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdicción contencioso administrativa.

III.- As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo.

## 10ª LEXISLACIÓN APLICABLE

A subvención obxecto do presente convenio rexerese por:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RD 887/2016, de 21 de xullo, regulamento xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Bases de execución do orzamento do Concello de Tui para o 2016.
- Regulamento da actividade de fomento do Concello de Tui e dos seus organismos autónomos.
- Bases xerais tipo da concesión de subvención do Concello de Tui e dos seus organismos autónomos.

## 9ª BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS

En cumprimento do establecido na resolución do 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2013 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 8 b).

De acordo coas bases expostas, asinan o presente convenio, no lugar e data citados inicialmente,

Polo concello,  
O Alcalde,

Enrique Cabaleiro González

Da fe  
A Secretaria,

Pilar Fernández Alonso

Pola entidade,

JOSE MANUEL TEIXEIRA FERNANDEZ